




ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA

**XDO. DO SOCIAL N. 2 REFORZO
VIGO**

SENTENCIA: 00504/2015

-
C/ LALÍN, 4-3ª PLANTA
Tfno: 986-817465
Fax: 986-817466
NIG: 36057 44 4 2014 0004248
N02700

CONCELLO DE VIGO - REXISTRO DE ENTRADA
<http://www.vigo.org/consultadocumento>



150102116

05/08/15



PO PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0000845 /2014

Procedimiento origen: /
Sobre: ORDINARIO
DEMANDANTE/S D/ña: [REDACTED]
ABOGADO/A:
PROCURADOR:
GRUADO/A SOCIAL:
DEMANDADO/S D/ña: CONCELLO DE VIGO, FONDO DE ACCION SOCIAL DEL AYUNTAMIENTO DE VIGO
ABOGADO/A:
PROCURADOR:
GRUADO/A SOCIAL:


SENTENZA 504/15

Vigo, 28 de xullo do 2015.
Visto e oído por min, Alejandro Couselo Barrio, Maxistrado Xuíz en función de apoio ó Xulgado nº 2 de Vigo, o procedemento nº 845/2014 deste xulgado, cuxo obxecto o constitúe unha reclamación de cantidade, pronuncio a presente sentenza. Foron partes no procedemento:

- 1.- demandante: [REDACTED] que compareceu no procedemento no seu propio nome e interese defendida polo Avogado Don Elías Lloves.
- 2.- demandados: Concello de Vigo, que compareceu no procedemento no seu propio nome e interese, defendido polo Letrado do Concello de vigo Don Pablo Olmos Pita; Fondo de Acción Social do Concello de Vigo, que non compareceu no procedemento no seu propio nome e interese.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- O día 5 de setembro do 2014 a parte demandante presentou demanda no Decanato dos Xulgados do Partido Xudicial de Vigo. Na mesma a demandante, logo de alegar os feitos e fundamentos de dereito que tivo a ben, solicitou que se ditara sentenza na que se estimara a demanda e se condenara á demanda a pagarlle a cantidade de 275 euros co recargo por mora do 10 % en concepto de Fondo de Acción Social do ano 2013 na súa verquente de Axuda Sociosanitaria.



SEGUNDO.- Admitida a trámite a demanda, sinalouse para os actos de conciliación e xuízo o día 24/07/2015, data na que tiveron lugar e ós que compareceu a parte demandante, quen se ratificou nas alegacións e pretensións que constan na demanda. A parte demandada contestou á demanda e se opuxo á estimación da mesma alegando que a convocatoria de axudas verbo da que a demandante solicita a estimación da demanda é a do ano 2014 e a demandante non compre o requisito establecido no punto primeiro das normas. Solicitouse a práctica da proba documental que foi admitida. No trámite das conclusións, cada parte o fixo como tivo por convinte.

TERCEIRO.- O presente procedemento foi tramitado consonte as normas aplicables.

FEITOS PROBADOS


- 1.- A parte demandante, Dona [REDACTED] veu prestando os seus servizos para o Concello de Vigo, cunha antigüidade de 01/01/2007 e unha categoría profesional de Técnico Medio, ocupando o posto de Técnica de Xestión de Formación no Servizo 108 (desenvolvemento local e emprego), Grupo A2, Nivel 25. A demandante prestaba os seus servizos a xornada completa. Dona [REDACTED] percibía un salario bruto mensual, con inclusión do rateo das pagas extras, de 3.269,22 euros (feitos non discutidos e declarados probados da sentenza ditada no seo do procedemento nº 320/2014 do Xulgado do Social nº 2 de vigo, sentenza achegada por ambas partes no período probatorio).
- 2.- A demandante cesou na súa relación laboral co Concello de Vigo o día 05/02/2014 (feito non controvertido).
- 3.- Con data 07/02/2014 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo acordou a convocatoria das Axudas Sociosanitarias do 2014 1ª Fase, consonte á Convocatoria que foi achegada pola demandante no período probatorio como documento nº 5 e pola demandada como documento nº 2 no mesmo período, documento cuxo contido damos aquí como enteiramente reproducido. O período para solicitar as axudas correspondentes á convocatoria citada 2014 1ª Fase abrangueu dende o 7 ó 19 de febreiro do 2014 (documentos nº 5 dos achegados pola demandante e nº 2 e 3, expediente administrativo-informe de Recursos Humanos do Concello de Vigo dos achegados pola demandada).
- 4.- A demandante ten ó seu nome unha factura de data 10/12/2012 por importe de 275 euros expedida polo Dr



Martínez Lourido (Documento nº 2 dos achegados pola demandante no período probatorio).

5.- Foi esgotada a vía administrativa previa (feitos non controvertidos).

FUNDAMENTOS DE DEREITO



PRIMEIRO.- Consonte o contido do artigo 97.2 da Lei Reguladora da Xurisdición Social, os anteriores feitos probados resultan do meu exame e valoración da proba que foi practicada no acto do xuízo, conforme ás regras da san e imparcial crítica, efectuada en relación con cada un dos medios de proba e, fundamentalmente, da proba documental achegada por ambas partes.


Compre termos en conta que non foron impugnados os documentos achegados, coa consecuencia que para esta circunstancia determinan os artigos 319 e 326 da Lei de Axuízamento civil, aplicable neste punto.

SEGUNDO.- Da proba practicada non se desprende, en primeiro lugar, que a demandante participara na convocatoria 2014 1ª Fase das Axudas do Fondo Social do Concello de Vigo. Ningunha proba documental achegou a demandante de tal circunstancia. Copre termos en conta que o documento nº 3 dos achegados pola demandante no período probatorio leva data do 10 de maio do 2013 e non conta con ningún selo de entrada no Concello de Vigo, descoñecéndose do resultado da proba se o carimbo que figura no mesmo, que non se corresponde cun selo oficial do Concello de Vigo, implica que tivera presentado tal documento diante do Fondo de Acción Social, porque non ten ningún número de rexistro. En todo caso, a data que figura no mesmo é a do 2013.

Do resultado da proba practicada diante deste xulgado descoñecemos qué aconteceu coa convocatoria do Fondo de Acción Social do ano 2013, pero no relato dos feitos probados da sentenza ditada polo Xulgado do Social nº 3 de Vigo no procedemento ordinario nº 848/2014, feito 4º, consta que o expediente de Axudas Sociosanitarias correspondente ó ano 2013 foi arquivado por inexistencia de crédito presupostario disponible para financiar tal gasto.

A conclusión que tiramos é que a convocatoria do ano 2014 é unha convocatoria con substantividade propia, independente da convocatoria do ano 2013 e cuxo prazo de presentación de instancias abrangueu do día 7 de febreiro do 2014 ó 19 de febreiro dese ano.

No punto primeiro da convocatoria establécese que poderá solicitar as axudas o persoal municipal, entre os que están o persoal laboral declarado indefinido por sentenza firme, pero que estivera en situación de activo ou en situación de excedencia por coidado de fillos no prazo de presentación das solicitudes, requisito que non cumpría a demandante, que cesara a



súa relación laboral co Concello de Vigo o día 7 de febreiro do 2014.

Non desvirtúa esta consideración o feito de que no apartado de Documentación da convocatoria, sen dúbida en atención ó arquivamento do expediente do ano 2013, se estableza que poderan presentarse facturas con data de expedición entre o 26/03/2013 e o 30/09/2013, e proba diso é que tamén admite facturas posteriores ó 01/06/2012 que non foran presentadas en convocatorias anteriores.

O punto 4 da Convocatoria establece que o incumprimento de calquera dos requisitos (entre os que menciona expresamente os persoais) determinará a desestimación da solicitude, polo que, con independencia de que a demandante contara con facturas comprendidas dentro do prazo establecido na convocatoria, esta circunstancia non lle exime de cumprir o resto dos requisitos establecidos na mesma. Dado que a demandante non era xa persoal laboral do Concello de Vigo no prazo de presentación das solicitudes, a demanda debe ser desestimada.

TERCEIRO.- Contra a presente resolución non cabe interpor recurso de suplicación á vista da súa contía (tal como establece o artigo 191.1 da Lei Reguladora da Xurisdición Social), do que se advertirá ás partes.

DAQUELA

XULGO

DESESTIMO a demanda presentada por [REDACTED] contra a o Concello de Vigo e o Fondo de Accións Social do Concello de Vigo, ós que ABSOLVO das pretensións formuladas contra dela.

Notifíquese a presente resolución ás partes, facéndolles saber que é firme e que contra a mesma no cabe recurso de suplicación para ante a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Así, por esta a miña Sentenza, pronúncioo, mando e asino.